



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de xaneiro de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de xaneiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

INFORME DO ARTIGO 41 DA LEI 9/2002 DE 30 DE DECEMBRO.-

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da arquitecto municipal de data 10 de decembro de 2015, informa favorablemente o expediente de referencia (RIB/C/87/15) a nome de Don Rubén Menéndez Fernández, na representación de Unión Fenosa S.A., para o soterramento dunha liña de media tensión na zona de Fondo da Vila para o proxecto denominado "LMT CAS 802 APOIOS 51-5 A 51-7 (con referencia castral núm. 32070A501090040000TR), ordenando a súa remisión ao servizo Provincial de Urbanismo téndose observado o preceptivo trámite que determina o artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, declarando compatible a actuación a realizar co artigo 39 e ss. da citada norma.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, remitindo informe da Secretaria Xeral sobre o procedemento a seguir e as posibles responsabilidades patrimoniais das distintas administracións públicas con respecto a situación do campo de fútbol situado en zona de afección da Autovía A-52.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución do expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado



Eido do Zorro, sito na Groba-Sanin, con destino a rego, a nome de Don Daniel Míguez González.

- Do Servicio de Arqueoloxia municipal, informe anual de arqueoloxia 2015.
- Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando informe de data 05.01.2016 sobre obra de brigada de regas asfálticas en camiños municipais.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-la memoria denominada “Peon de Apoio o Servizo de Limpeza Viaria, mantemento e servizos múltiples”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras de Risga”.

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato menor de suministro de Biomasa combustible (Pellet) para o Centro Deportivo municipal O Consello.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
2. Informe de Intervencion de data 10.01.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

- 1º-Aprobar o prego de clausulas economicas administrativas.
- 2º.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a prestación de dito suministro, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servizo: Ecoservizos y biomateriales S.L., Lignus-Pellets de Galicia, Pellets e virutas de Galicia SL. e Grupo Antolin.

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato menor de servizo para a prevención da lexionelose nas instalacións deportivas municipais.

No expediente constan os seguinte elementos:



3. Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
4. Informe de Intervencion de data 10.01.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

- 1º-Aprobar o prego de clausulas economicas administrativas.
- 2º.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a prestación de dito subministro, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servicio: Ourenal S.L., Nova Buxos S.L., Insa.des e Repara Hogar Galicia S.L..

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobacion de contrato menor de servicio de mantemento das instalacións de calefacción e A.C.S. no Centro Deportivo municipal O Consello.

No expediente constan os seguinte elementos:

5. Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
6. Informe de Intervencion de data 10.01.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

- 1º-Aprobar o prego de clausulas economicas administrativas.
- 2º.- Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a prestación de dito subministro, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servicio: Ourenal S.L., Friborpa, Lignus-Pellets de Galicia e Repara Hogar Galicia S.L.

APROBACION TOTAL CARGOS ABASTECIMIENTO DE AUGA NOS ANOS 2012-2013-2014.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación os cargos do Abastecemento de auga correspondente os anos 2012-2013-2014, por importe de 67.932,79 euros. Así mesmo establece como periodo de pago voluntario o establecido entre o 15 de xaneiro e o 14 de marzo de 2016.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes o exercicio 2016, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 20 de novembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 275, de 30 de novembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “Actividades Feira do Viño do Ribeiro”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia